

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**12866** *Real decreto 1095/2011, do 22 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 947/2009, do 5 de xuño, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais para o período 2009-2013.*

A disposición derradeira quinta.2 do Real decreto 947/2009, do 5 de xuño, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais para o período 2009-2013, autoriza o ministro de Defensa a modificar os cadros de persoal de oficiais xenerais en cada período permitindo o transvasamento de efectivos entre empregos, en orde decrecente, sempre que non se altere o número máximo establecido para cada ciclo e corpo. A experiencia acumulada estes anos aconsella modificala no sentido de permitir unha maior flexibilidade para a Armada e autorizar tamén, coas mesmas limitacións, o transvasamento, ademais de entre empregos, entre o Corpo Xeral e o Corpo de Infantaría de Mariña.

Por outra parte, co obxecto de harmonizar o réxime de ascensos coa previsión de pases á situación de reserva no Corpo de Intendencia da Armada, é conveniente reaxustar o cadro de persoal deste corpo para os períodos 2011/2012 e 2012/2013.

Así mesmo, e noutra orde de cousas, para posibilitar que a Presidencia do Padroado de Orfos da Armada e da súa Xunta de Goberno poida ser desempeñada por un oficial xeneral da Armada, sen que exista obrigatoriedade de que pertenza a ningún corpo específico, modifícase o Real decreto 1081/2001, do 5 de outubro, polo que se refunden a Asociación Benéfica para Orfos dos Corpos Patentados da Armada e a Institución Benéfica para Orfos do Corpo de Suboficiais da Armada, e se estende a súa cobertura aos orfos dos militares profesionais permanentes de tropa e mariñeiría da Armada.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xullo de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 947/2009, do 5 de xuño, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais para o período 2009-2013.*

O Real decreto 947/2009, do 5 de xuño, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais para o período 2009-2013, queda modificado como segue:

Un. Dáse nova redacción ao número 2 da disposición derradeira quinta, que queda redactada nos seguintes termos:

«2. Autorízase o ministro de Defensa a modificar os cadros de persoal de oficiais xenerais de cada período anual establecidos no anexo, no sentido de diminuír os de tenente xeneral/almirante en aumento dos de xeneral de división/vicealmirante e de diminuír os previstos para este emprego aumentando os de xeneral de brigada/contralmirante, e para este último emprego a súa distribución entre o Corpo Xeral da Armada e o Corpo de Infantaría de Mariña, sen que se produza variación no número máximo de oficiais xenerais.»

Dous. Modifícanse os cadros de persoal do anexo, fixándose as novas cifras para o corpo, escala, empregos e períodos anuais, que se especifican a continuación:

«2. Armada

c) Corpo de Intendencia:

Empregos	Escala de oficiais	
	2011/2012	2012/2013
Coronel . . . . .	35	35
Tenente coronel . . . . .	65	66»

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Real decreto 1081/2001, do 5 de outubro, polo que se refunden a Asociación Benéfica para Orfos dos Corpos Patentados da Armada e a Institución Benéfica para Orfos do Corpo de Suboficiais da Armada, e se estende a súa cobertura aos orfos dos militares profesionais permanentes de tropa e mariñeiría da Armada.*

O artigo 7 do Real decreto 1081/2001, do 5 de outubro, polo que se refunden a Asociación Benéfica para Orfos dos Corpos Patentados da Armada e a Institución Benéfica para Orfos do Corpo de Suboficiais da Armada, e se estende a súa cobertura aos orfos dos militares profesionais permanentes de tropa e mariñeiría da Armada, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Titularidade da Presidencia do Padroado.*

O presidente do Padroado e da súa Xunta de Goberno será un oficial xeneral da Armada nomeado polo ministro de Defensa.»

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,  
CARME CHACÓN PIQUERAS